



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 26 DE MARZO DE 2021.

ASISTENTES

GRUPO POLÍTICO

ALCALDE, que preside:

D. Carlos Vieitez Fernández
PP

CONCELLEIROS

D. Ramón Tilve Castro	PP
D ^a María Estévez Barbeito	PP
D. Ángel Currás Pérez	PP
D ^a M ^a Dolores Balboa Lores	PP
D. Ramón Alfonso Piñeiro	PP
D. José Manuel Ásperez Montes	MI
D ^a Cristina Castro Pintos	MI
D. M ^a Pilar Prado González	MI
D. Alberto González Dopazo	MI
D ^a Estefanía Silva Silva	MI
D ^a Ana Belén García Piñeiro	
PSdeG-PSOE	

CONCELLEIROS NON ASISTENTES:

D. Manuel Radio Oubiña PSdeG-PSOE

SECRETARIA:

D^a M^a Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:00 horas do día 26 de marzo de 2021, previa convocatoria, reúnese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria, coa asistencia dos Sras/es concelleiras/os que se relacionan na marxe.

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

A) Parte resolutiva

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 19-02-2021.-

O Sr. alcalde-presidente preguntalles aos membros da Corporación si teñen algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión extraordinaria de data 19 de febreiro de 2021.

Non formulándose ningunha queda aprobada por unanimidade dos doce membros presentes.

2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA-ORAL DA FASE INSTRUTORA DO PROCEDEMEMENTO SANCIONADOR NAS MULTAS DE TRÁFICO. (EXP. 789/2018).-

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente da proposta formulada





Concello de Meaño

pola Alcaldía en relación con este asunto, e cuxo tenor literal e o seguinte:

“O texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, atribúe aos entes locais determinadas facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación tanto de tributos propios como dos restantes ingresos de Dereito público e, ao mesmo tempo, permite a súa delegación noutras entidades locais en cuxo territorio estean integradas. A complexidade que a realización destas tarefas comporta, así como a súa relevancia dentro do máis amplo ámbito da Facenda Local, aconsella a utilización de fórmulas que permitan un eficaz e adecuado exercicio das facultades mencionadas, dentro dos sistemas que para este fin prevé a lexislación local aplicable. Desde o 1 de xaneiro de 1994 a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do ORAL (o seu órgano de xestión tributaria e catastral), exerce as facultades delegadas cunha eficacia en aumento progresivo ao longo dos anos, tal e como o entenderon a inmensa maioría dos concellos da provincia que xa delegaron ou veñen ampliando as delegacións efectuadas a novos ingresos públicos municipais.

Á vista do sinalado e considerando que a Deputación Provincial, a través do seu Regulamento de servizo de colaboración na xestión das sancións de tráfico estende a colaboración coa posibilidade de que polos Concellos se delegue a competencia instrutiva na Deputación e para acadar unha maior operatividade na xestión destes expedientes, proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- OBXECTO DO ACORDO

Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co vixente Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico del ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, publicado no BOPP nº 20, de 30 de xaneiro de 2020, conformidade co disposto nos artigos 84.2 e 4 da Lei de Tráfico de 2015 (Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial) e o artigo 15.3 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, ás competencias propias da fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico.

A presente delegación ven a complementar a acordada por este Pleno en data 11 de xuño de 2018 e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data 4 de marzo de 2019 e que tiña por obxecto a delegación da recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico e a colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recatorio, quedando deste xeito delegadas as facultades de xestión integral das multas de tráfico na Deputación de Pontevedra-ORAL.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 3 do Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico do ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra:

“O órgano instrutor dos procedementos, por delegación da competencia de instrución, será a Unidade de Sancións de Tráfico do ORAL (USTO), actuando como instrutor xefe o funcionario que ao efecto designe a Deputación de Pontevedra”.

SEGUNDO.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

As condicións económicas serán as contidas no acordo de delegación á que este complementa e que se especifica no apartado anterior.

TERCEIRO.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

Esta delegación terá a mesma vixencia que a mencionada no apartado primeiro, á que





Concello de Meaño

complementa, acordada por este Pleno en data 11 de xuño de 2018 e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data 4 de marzo de 2019.

O contido deste acordo, unha vez aceptado polo Pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o día seguinte a súa preceptiva publicación Diario Oficial de Galicia.

CUARTO.- FACULTADES DA ALCALDÍA

Autorízase ou facúltase á Alcaldía para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo, incluíndo, no seu caso, as modificacións dos convenios que foran asinados anteriormente.”

Unha vez deliberado e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, por cinco votos en contra (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal MI) e sete votos a favor (dos/as concelleiros/as non adscritos e do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE), que representa a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda a aprobar a devandita proposta:

1º.- OBXECTO DO ACORDO

Delegar na Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL, de acordo co vixente Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico del ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra, publicado no BOPP nº 20, de 30 de xaneiro de 2020, conformidade co disposto nos artigos 84.2 e 4 da Lei de Tráfico de 2015 (Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial) e o artigo 15.3 do Real Decreto 320/1994, de 25 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, ás competencias propias da fase instrutora do procedemento sancionador nas multas de tráfico.

A presente delegación ven a complementar a acordada por este Pleno en data 11 de xuño de 2018 e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data 4 de marzo de 2019 e que tiña por obxecto a delegación da recadación voluntaria e executiva das multas de tráfico e a colaboración na tramitación dos expedientes sancionadores en materia de multas de tráfico, dende o comezo do procedemento sancionador co boletín de denuncia ata o inicio do proceso recadatorio, quedando deste xeito delegadas as facultades de xestión integral das multas de tráfico na Deputación de Pontevedra-ORAL.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 3 do Regulamento de prestación do servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico do ORAL da Deputación Provincial de Pontevedra:

“O órgano instrutor dos procedementos, por delegación da competencia de instrución, será a Unidade de Sancións de Tráfico do ORAL (USTO), actuando como instrutor xefe o funcionario que ao efecto designe a Deputación de Pontevedra”.

2º.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

As condicións económicas serán as contidas no acordo de delegación á que este complementa e que se especifica no apartado anterior.





Concello de Meaño

3º.- ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA

Esta delegación terá a mesma vixencia que a mencionada no apartado primeiro, á que complementa, acordada por este Pleno en data 11 de xuño de 2018 e aceptada polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra en data 4 de marzo de 2019.

O contido deste acordo, unha vez aceptado polo Pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o día seguinte a súa preceptiva publicación Diario Oficial de Galicia.

4º.- FACULTADES DA ALCALDÍA

Autorízase ou facúltase á Alcaldía para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo, incluíndo, no seu caso, as modificacións dos convenios que foran asinados anteriormente.

3º. RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E SUXESTIÓNS PRESENTADAS AO REGULAMENTO MUNICIPAL DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE MEAÑO. APROBACIÓN DEFINITIVA, SI PROCEDE. (EXP. 80/2020).-

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente do ditame-proposta da Comisión Especial de Contas en relación con este asunto, e cuxo tenor literal e o seguinte:

“Dado conta dos escritos de alegacións e suxestións presentadas no trámite de audiencia da aprobación inicial do Regulamento Municipal da participación cidadá do Concello de Meaño, presentados por:

- Rexistro de entrada 24-11- 2020, nº 2020-E-RE-1018, suscrito por D. Enrique José Ortigueira Valcárcel, como secretario da Asociación de Pais e Nais de Alumnos “A Toxa” do Centro Plurilingue As Covas de Meaño.
- Rexistro de entrada 26-11-2020, nº 2020-E-RC-4260, suscrito por D. Avelino Tourís Fajardo, como presidente da Asociación Ateno Árgona Cultural.
- Rexistro de entrada 26-11-2020, nº 2020-E-RC-4263, subcrita por Dª Rosa Castro Oubiña como presidenta da Asociación de Muleres rurais e consumidoras O corazón do Salnés.
- Rexistro de entrada 26-11-2020, nº 2020-E-RE-1027, suscrito por Dª Silvia Lobato Limeres como presidenta da Asociación Deportiva e Cultural ASMUBAL Meaño.
- Rexistro de entrada 26-11-2020, nº 2020-E-RE-1028, subcrita por D. Antonio Prieto González como presidente da Asociación Cultural Penaguda Dena.
- Rexistro de entrada 26-11-2020, nº 2020-E-RE-1030, subcrita por D. Marcos Castro Balboa como presidente da Asociación Cultural e Deportiva GAM.
- Rexistro de entrada 27-11-2020, nº 2020-E-RC-4272, suscrito por Dª. Mª Rosario Muñiz López como presidenta da Asociación Cultural Coro Parroquial S. Juan de Meaño.

Visto o informe emitido pola secretaria-interventora en relación coas mesmas e a proposta da Alcaldía; a Comisión Especial de Contas, con dous votos en contra dos Sres. Ásperez Montes e Castro Pintos e sete votos a favor, que representan catro votos favorables, ditamina favorablemente este asunto e a súa vez proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións e suxestións presentadas ao Regulamento Municipal da participación cidadá do Concello de Meaño aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 25 de setembro de 2020, no período de audiencia regulado no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 133.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do





Concello de Meaño

Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, en base ás motivacións contidas na consideración das mesmas no informe emitido pola secretaria-interventora, con data 15-03-2021, cuxo tenor literal é o seguinte:

“1ª. Establecemento dun prazo para a obtención de copias, certificación de acordos ou dos seus antecedentes.

A normativa vixente prevé prazos para a obtención de copias e/ou información, así, a título de exemplo, nas alegacións cítase o artigo 20 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no que se prevé o prazo dun un mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver o acceso á información pública; engadindo que este prazo poderá ampliarse por outro mes en caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o faga necesario.

É por elo, que existindo normativa específica que regula todos estes aspectos non resulta necesario que os mesmos sexan incluídos no citado regulamento de participación cidadá, ademais de que calquera modificación de aquelas normas ou a aprobación de outras coas que o regulamento municipal poida entrar en conflito determinaríaa a necesidade da súa modificación coa correspondente tramitación, si ben corresponde ao Pleno a decisión do establecemento ou non de ditos prazos.

2ª. Establecemento dun prazo para a difusión das convocatorias e ordes do día do Pleno, comisións informativas e Xunta de Goberno Local.

Nas alegacións formuladas solicítase o establecemento dun prazo para a difusión das convocatorias e das ordes do día dos órganos colexiados, solicitando nalgunha alegación que se comuniquen as convocatorias as asociacións cunha antelación mínima de 96 horas á celebración da sesión.

De acordo co establecido no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

“Art. 80.

1. Corresponde al Alcalde o Presidente convocar todas las sesiones del Pleno. La convocatoria de las sesiones extraordinarias habrá de ser motivada.

2. A la convocatoria de las sesiones se acompañará el orden del día comprensivo de los asuntos a tratar con el suficiente detalle, y los borradores de actas de sesiones anteriores que deban ser aprobados en la sesión.

3. La convocatoria, orden del día y borradores de actas deberán ser notificados a los Concejales o Diputados en su domicilio.

4. Entre la convocatoria y la celebración de la sesión no podrán transcurrir menos de dos días hábiles, salvo en el caso de las sesiones extraordinarias urgentes.”

“Art. 113.

1. Las sesiones de la Comisión de Gobierno se ajustarán a lo establecido en el capítulo primero de este título, con las modificaciones siguientes:

a) Entre la convocatoria y la celebración de la sesión no podrán transcurrir menos de veinticuatro horas, salvo en el caso de las sesiones extraordinarias y urgentes en las que, antes de entrar a conocer los asuntos incluidos en el orden del día, deberá ser declarada la urgencia por acuerdo favorable de la mayoría de los miembros.”

“Art. 134.

1. Las Comisiones informativas celebrarán sesiones ordinarias con la periodicidad que acuerde el Pleno en el momento de constituir las, en los días y horas que establezca el Alcalde o Presidente de la Corporación, o su respectivo Presidente, quienes podrán asimismo, convocar sesiones extraordinarias o urgentes de las mismas. El Alcalde o Presidente de la Corporación, o el Presidente de la Comisión,





Concello de Meaño

estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cuando lo solicite la cuarta parte, al menos, de los miembros de la Comisión.

En este caso, y por lo que respecta al Orden del día, se aplicará lo dispuesto en el artículo 81 de este Reglamento.

2. Las sesiones pueden celebrarse en la sede de la entidad respectiva o en otras dependencias de la misma.

3. Las convocatorias corresponden al Alcalde o Presidente de la Corporación o al Presidente de la Comisión y deberán ser notificadas a los miembros de la Comisión o, en su caso, a los grupos municipales con una antelación de dos días hábiles, salvo las urgentes. En todo caso, se acompañará el orden del día.”

Regulando en termos semellantes o Regulamento Orgánico Municipal

“Art. 12). Las sesiones Plenarias habrán de convocarse, al menos, con dos días de antelación, salvo las extraordinarias urgentes, cuya convocatoria con este carácter deberá ser ratificada por el Pleno.”

“Art.45).2.- La convocatoria de las sesiones deberá notificarse a sus miembros con una antelación mínima de 24 horas, y en cuanto al desarrollo, orden y dirección de los debates, se estará a lo dispuesto en los artículos precedentes respecto a las sesiones del Pleno.”

Por tanto, as sesións ordinarias serán convocadas cunha antelación mínima de 2 días hábiles (Pleno e comisións informativas) ou 24 horas (Xunta de Goberno Local, si ben non é pública), polo que a normativa reguladora do funcionamento dos órganos colexiados xa establece uns prazos mínimos de convocatoria, non resultando lóxico establecer un prazo de 96 horas para as asociacións, cando con dita anticipación pode non coñecerse aínda a orde do día de cada sesión ou limitalo.

En canto a solicitude de que as convocatorias sexan comunicadas a todas as asociacións, de acordo do previsto no artigo 81 do ROF, en canto ao funcionamento do Pleno establece:

“Art. 81.

1. La convocatoria para una sesión, ordinaria o extraordinaria, dará lugar a la apertura del correspondiente expediente, en el que deberá constar:

...

d) Copia del anuncio en el tablón de edictos del Ayuntamiento o Diputación y, en su caso, prensa local.

...”

Polo que o anuncio da convocatoria das sesións do Pleno xa veñen sendo publicadas no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello e na páxina Web, polo que está a disposición de tódolos interesados que as desexen consultar; facéndose extensible esta publicación ás convocatorias das Xunta de Goberno e comisións informativas coa entrada en vigor deste regulamento.

3ª. Regulación do exercizo do dereito de petición ante o Concello de Meaño.

O dereito de petición, recollido, no artigo 29 da Constitución Española de 1978, atópase regulado na Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora do Dereito de Petición, polo que, como xa se dixo en relación coa alegación 1ª, existindo normativa específica que regula todos estes aspectos non resulta necesario que os mesmos sexan incluídos no citado regulamento de participación cidadá, xa que calquera modificación de aquelas normas ou a aprobación de outras suporá a necesidade de modificar o regulamento de participación cidadá coa correspondente tramitación de dita modificación.

4ª.- Establecemento da antelación mínima con que as asociacións deben de formular a solicitude de participación nun Pleno ou Comisión e do tempo de dita participación.

Conforme se prevé no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o





Concello de Meaño

Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais:

“Art. 228.

1. *Cuando alguna de las asociaciones o entidades a que se refiere el artículo 72 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, desee efectuar una exposición ante el Pleno en relación con algún punto del orden del día en cuya previa tramitación administrativa hubiese intervenido como interesado, deberá solicitarlo al Alcalde antes de comenzar la sesión. Con la autorización de éste y a través de un único representante, podrá exponer su parecer durante el tiempo que señale el Alcalde, con anterioridad a la lectura, debate y votación de la propuesta incluida en el orden del día.*

2. *Terminada la sesión del Pleno, el Alcalde puede establecer un turno de ruegos y preguntas por el público asistente sobre temas concretos de interés municipal. Corresponde al Alcalde ordenar y cerrar este turno.*”

Conforme a dita normativa, as asociacións deberán e poderán solicitar dita participación antes do comezo da sesión, sen establecer ningún prazo de preaviso, polo que o establecemento dun prazo mínimo de antelación, suporía unha limitación a dita participación das asociacións ao establecer un requisito temporal mais restrictivo que o previsto na norma.

No tocante ao tempo e quendas de exposición, o ROF non regula a duración das mesmos para as intervencións das asociacións, como tampouco o fai para o tempo de exposición dos Concelleiros (suprimida no Regulamento Orgánico Municipal en o Regulamento Orgánica Municipal do Concello de Meaño, en virtude da modificación aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 2 de xullo de 2007); polo que este aspecto é susceptibles de ser regulados a través do Regulamento Orgánico Municipal tanto para as asociación coma para os Concelleiros, polo que sería aconsellable recollelos no ROM.

5ª.- Creación do Consello Social do Concello de Meaño.

De conformidade co previsto na Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local:

“Artículo 20.

1. *La organización municipal responde a las siguientes reglas:*

a) *El Alcalde, los Tenientes de Alcalde y el Pleno existen en todos los ayuntamientos.*

b) *La Junta de Gobierno Local existe en todos los municipios con población superior a 5.000 habitantes y en los de menos, cuando así lo disponga su reglamento orgánico o así lo acuerde el Pleno de su ayuntamiento.*

c) *En los municipios de más de 5.000 habitantes, y en los de menos en que así lo disponga su reglamento orgánico o lo acuerde el Pleno, existirán, si su legislación autonómica no prevé en este ámbito otra forma organizativa, órganos que tengan por objeto el estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno, así como el seguimiento de la gestión del Alcalde, la Junta de Gobierno Local y los concejales que ostenten delegaciones, sin perjuicio de las competencias de control que corresponden al Pleno. Todos los grupos políticos integrantes de la corporación tendrán derecho a participar en dichos órganos, mediante la presencia de concejales pertenecientes a los mismos en proporción al número de Concejales que tengan en el Pleno.*

d) *La Comisión Especial de Sugerencias y Reclamaciones existe en los municipios señalados en el título X, y en aquellos otros en que el Pleno así lo acuerde, por el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de sus miembros, o así lo disponga su Reglamento orgánico.*

e) *La Comisión Especial de Cuentas existe en todos los municipios, de acuerdo con la estructura prevista en el artículo 116.*

2. *Las leyes de las comunidades autónomas sobre el régimen local podrán establecer una organización municipal complementaria a la prevista en el número anterior.*

3. *Los propios municipios, en los reglamentos orgánicos, podrán establecer y regular otros órganos complementarios, de conformidad con lo previsto en este artículo y en las leyes de las comunidades autónomas a las que se refiere el número anterior.”*





Concello de Meaño

Por tanto, o citado Consello Social non se atopa entre os órganos necesarios dos municipios de réxime común; sendo unicamente de existencia obrigatorio nos concellos cuxa poboación supere os 250.000 habitantes, que sexan capitales de provincia con poboación superior aos 175.000 habitantes, que sexan capitales de provincia, capitales autonómicas ou sede das institucións autonómicas, que teñan unha poboación superior aos 75.000 habitantes e presenten circunstancias económicas, sociais, históricas ou culturais especiais.

Non obstante, en virtude da potestade de autoorganización que lles corresponde aos Concellos, ao abeiro do artigo 4 Lei 7/1985, éstes poden establecer e regular órganos complementarios a través de Regulamento Orgánico Municipal, no que se determinará a súa composición e funcións, polo que lle corresponderá ao Pleno valorar a conveniencia ou non da creación de dito órgano complementario seguindo o procedemento legalmente establecido ao efecto.

6ª.- Establecemento dun procedemento para a tramitación de queixas e suxerencias dos veciños.

Este apartado vense a concretar no dereito de petición, que permite os/as cidadáns/as formular peticións, que poden incorporar suxerencias, iniciativas, informacións, queixas ou súplicas, a institucións públicas, administracións, o autoridades, respecto das materias da súa competencia e que non sexan obxecto dun procedemento específico.

Dereito cuxo exercicio e procedemento se atopa regulado na Lei Orgánica 4/2001, de 12 de novembro, reguladora deste dereito; polo tanto e abundando no sinalado na suxestión 3ª, xa existe regulación normativa para a tramitación das mesmas, de xeito que se reitera o xa informado anteriormente acerca de que existindo normativa específica que regula esta materia considerase que non resulta necesario que sexan incluídos no citado regulamento de participación cidadá, si ben corresponde ao Pleno o establecemento ou non de dito procedemento.”

2º.- Aprobar definitivamente o Regulamento Municipal da participación cidadá do Concello de Meaño aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 25 de setembro de 2020, coa publicación do texto íntegro do mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de anuncios que o Concello de Meaño ten habilitado na sede electrónica e no Portal de transparencia habilitado na sede electrónica, segundo determina o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril; entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 desta Lei.

3º.- Remitir á Administración do Estado e ao departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, por cinco votos en contra (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal MI) e sete votos a favor (dos/as concelleiros/as non adscritos e do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE), acorda a aprobar a devandita proposta:

1º.- Desestimar as alegacións alegacións e suxestións presentadas ao Regulamento Municipal da participación cidadá do Concello de Meaño aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 25 de setembro de 2020, no período de audiencia regulado no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 133.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, en base ás motivacións contidas na consideración das mesmas no informe emitido pola secretaria-interventora e que forma parte do corpo deste acordo.





Concello de Meaño

2º.- Aprobar definitivamente o Regulamento Municipal da participación cidadá do Concello de Meaño aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión de data 25 de setembro de 2020, coa publicación do texto íntegro do mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de anuncios que o Concello de Meaño ten habilitado na sede electrónica e no Portal de transparencia habilitado na sede electrónica, segundo determina o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril; entrando en vigor transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 desta Lei.

3º.- Remitir á Administración do Estado e ao departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días desde a aprobación, copia do acordo definitivo de aprobación e copia íntegra do texto da Ordenanza.

4º. TOMA DE RAZÓN E EXECUCIÓN DA SENTENZA N.º 25/2021 DITADA EN RELACIÓN CO PROCEDIMENTO ORDINARIO N.º 0000367/2019, POLO XULGADO DO SOCIAL N.º 1 DE PONTEVEDRA. (664/2020).-

Dada conta, someramente, polo Sr. alcalde-presidente do ditame-proposta da Comisión Especial de Contas en relación con este asunto, e cuxo tenor literal e o seguinte:

“Dada conta da sentenza n.º 25/2021, ditada pola Maxistrada Xuíz do Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra, con data 28 de xaneiro de 2021, en relación co procedemento ordinario 0000367/2019 do que é demandante D^a Esther García González, e pola que se declara que a relación laboral da demandante coa demandada é de natureza indefinida.

Dada conta das conclusións contidas no informe emido pola secretaria-interventora, con data 11 de marzo de 2021, en relación con este asunto:


“1. O carácter de indefinido non fixo das relacións laborais só pode ser declarado por Sentenza, así o deixa claramente establecido a xurisprudencia, o punto 4 do artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego Público de Galicia e a Disposición Adicional cuadraxésima terceira da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerías do Estado para o ano 2018, que ten vixencia indefinida e se dicta ao amparo do artigo 149.1.18ª da Constitución. Así mesmo, as administracións públicas non poden converter en fixa unha relación laboral de carácter temporal, artigo 27.3 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia.

E así se ven a manter nesta mesma sentenza ao sinalar que, debe distinguirse entre o concepto de trabador fixo de plantilla e o de contratado con carácter indefinido, de tal maneira que as irregularidades na contratación temporal non poden dar lugar á adquisición da fixeza na relación laboral, o que non impide a declaración dos traballadores na situación descrita en “indefinidos” ata a cobertura da praza que ocupan polos medios legais e regulamentarios.

2. Esta declaración comporta a obriga da Administración de proceder a cubrir o posto de traballo de que se trate a través dos procedementos ordinarios de acordo co establecido na normativa aplicable, que garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

3. Os contratos do persoal indefinido non fixo teñen natureza temporal e están suxeitos a unha duración determinada, ata a cobertura regulamentaria dos postos ou a súa amortización.”

A Comisión Especial de Contas, coa abstención do Sr. Radío Oubiña e oito votos a favor, que representan cinco votos favorables, ditamina favorablemente este asunto e a súa vez proponlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:





Concello de Meaño

1º.- Declarado o carácter indefinido non fixa da relación laboral da traballadora D^a Esther García González no fallo contido na sentenza 25/2021, ditada pola maxistrada xuíz do Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra, procede tomar coñecemento da mesma, acatadoa e cumpríndoa nos seus termos.

2º.- Recoñecer o carácter indefinido non fixo da relación laboral da traballadora D^a Esther García González, como auxiliar de coordinación SAF e conserxe do centro social, ambas a tempo parcial, ata a cobertura dos postos con carácter laboral fixo; coa adscrición temporal aos postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo, a tempo parcial, como auxiliar de coordinación SAF e conserxe do centro social, incluído no Cadro de Persoal laboral fixo, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal 2019 e derivado do Plan de Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello 2019, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 09-05-2019; coas retribucións ao mesmo asignadas.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, coa abstención da Sra. García Piñeiro, e once a favor (dos/as concelleiros/as non adscritos e do Grupo Municipal MI), acorda a aprobar a devandita proposta:

1º.- Declarado o carácter indefinido non fixa da relación laboral da traballadora D^a Esther García González no fallo contido na sentenza 25/2021, ditada pola maxistrada xuíz do Xulgado do Social n.º 1 de Pontevedra, procede tomar coñecemento da mesma, acatadoa e cumpríndoa nos seus termos.

2º.- Recoñecer o carácter indefinido non fixo da relación laboral da traballadora D^a Esther García González, como auxiliar de coordinación SAF e conserxe do centro social, ambas a tempo parcial, ata a cobertura dos postos con carácter laboral fixo; coa adscrición temporal aos postos de traballo vacantes de persoal laboral fixo, a tempo parcial, como auxiliar de coordinación SAF e conserxe do centro social, incluído no Cadro de Persoal laboral fixo, aprobado conxuntamente co Orzamento Municipal 2019 e derivado do Plan de Estabilización de emprego temporal, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e incluído na Oferta de Emprego Público deste Concello 2019, que foi aprobada mediante Resolución da Alcaldía de data 09-05-2019; coas retribucións ao mesmo asignadas.

5º. MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A ACTUALIZAE O MÓDULO DO PREZO/HORA DA SAF QUE PAGA ASO CONCELLOS NESTE ANO E INCREMENTALO PROGRESIVAMENTE ATA ASUMIR O 100% DO CUSTO REAL EN 2023 (EXP. 286/2021).-

O Sr. alcalde-presidente cédelle a Sra. García Piñeiro, quen da lectura ao texto da moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

“AO PLENO DO CONCELLO DE MEAÑO

O Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) no Concello de Meaño, a través do seu voceiro Manuel Radío Oubiña, e ao abeiro do disposto na normativa aplicable, eleva ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte **MOCIÓN, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A ACTUALIZAR O MÓDULO DO**





Concello de Meaño

PREZO/HORA DE SAF QUE PAGA AOS CONCELLOS NESTE ANO E INCREMENTALO PROGRESIVAMENTE ATA ASUMIR O 100% DO CUSTO REAL EN 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) tense convertido nunha pesada carga económica para os concellos de Galicia. Hai pequenos concellos rurais para os que este servizo xa é o máis oneroso, por enriba mesmo da limpeza viaria e recollida de lixo, algo impensable hai apenas un par de anos. E completamente incomprendible ao tratarse dunha competencia autonómica recollida expresamente no Estatuto de Autonomía de Galicia.

A Xunta límitase a anunciar autorizacións no número de horas que pode prestar cada concello para posibilitar a entrada de novas persoas no sistema. E presenta isto como unha resposta ás necesidades. Sen embargo, a máis horas e máis persoas, o desfase económico para os concellos, nun servizo que correspondería atender directamente á Consellería de Política Social, incrementábase. E mentres a Xunta mantén controlados os seus custos, toda vez que ten a potestade para regular e manter a conxelación no prezo do módulo/hora, os gastos municipais dispáranse porque son os concellos os que licitan e adxudican un servizo que “no mundo real” se encarece ano tras ano.

Os Orzamentos da Xunta 2021 asignan unha partida total de 83,6 millóns de euros para o SAF. A Xunta vén de recibir este mes de xaneiro 45 millóns de euros do Goberno do Estado para reforzar o sistema de dependencia. E seguirá recibindo fondos adicionais nos dous próximos anos.

Despois do recorte do Goberno Rajoy de máis de 2.600 millóns acumulados entre os anos 2012 e 2018 no Sistema Nacional de Dependencia, o Goberno de España actual anunciou un Plan de Choque para reverter a situación, cunha inxección de 3.600 millóns de euros no trienio 2021-2023. A Xunta, que xa percibiu 45 millóns este ano, percibirá cantidades superiores nos dous próximos exercicios. Un paso adiante decisivo para avanzar na atención integral ás persoas dependentes en toda España e tamén para alcanzar o obxectivo de equidade de financiación entre Comunidades Autónomas e Estado.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal PSdeG-PSOE propónlle ao Pleno do Concello de Meaño, para o seu debate e adopción, se procede, os seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galicia a:

* Utilizar o financiamento extra de 45 millóns de euros que a Xunta vén de recibir do Estado para publicar canto antes no DOG a Orde da Consellería de Política Social pola que se actualiza o módulo do SAF que a Xunta paga aos concellos, cando menos a 12 euros por hora.

* Comprometerse a seguir actualizando o módulo durante as anualidades de 2022 e 2023 ata alcanzar o 100% do custo real do servizo en prezos de mercado e acabar así coa asfixia económica aos concellos, que están xa ao límite das súas capacidades económicas.

* Liderar e facer posible un gran pacto con tódalas forzas políticas, a manter no futuro un sistema de prestación do SAF cofinanciado pola Xunta dun xeito xusto e equilibrado.”

Unha vez deliberado o asunto e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos doce membros presentes acorda instar á Xunta de Galicia a:

* Utilizar o financiamento extra de 45 millóns de euros que a Xunta vén de recibir do estado para publicar canto antes no DOG a Orde da Consellería de Política Social pola que se actualiza o módulo do SAF que a Xunta paga aos concellos, cando menos a 12





Concello de Meaño

euros por hora.

* Comprometerse a seguir actualizando o módulo durante as anualdades de 2022 e 2023 ata alcanzar o 100% do custo real do servizo en prezos de mercado e acabar así coas asfixia económica aos concellos, que están xa ao límite das súas capacidades económicas.

* Liderar e facer posible un gran pacto con tódalas forzas políticas, a manter no futuro un sistema de prestación do SAF cofinanciado pola Xunta dun xeito xusto e equilibrado.

B) Parte de información e control

6º. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2020. (EXP. 84/2021).-


O Sr. alcalde-presidente da conta de que, unha vez practicada a liquidación do orzamento de 2020, segundo o previsto no R.D.Lvo. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no R.D. 500/90, do 20 de abril e demais normativa aplicable, a Alcaldía, en uso das facultades que lle atribúe o artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en concordancia co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, do 2 de abril, mediante Resolución de data 26 de febreiro de 2020, aprobou a liquidación do Orzamento 2020.

Aos efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 193.4 do R.D.Lvo. 2/2004 dase conta ao Pleno da aprobación de dita liquidación

A Resolución de aprobación, á que se lles dou acceso aos membros da Corporación, presenta o seguinte desglose:

RESULTADO ORZAMENTARIO

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBLIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a) Operación correntes	3.745.181,07	2.847.433,65	0,00	897.747,42
b) Operacións de capital	369.604,90	698.464,40	0,00	- 328.859,50
1. Total operacións no financeiras a+b	4.114.785,97	3.545.898,05	0,00	568.887,92
c) Activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
d) Pasivos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
2. Total operacións financeiras c+d	0,00	0,00	0,00	0,00
I. RESULTADO PRESUPUESTARIO DO EXERCICIO	4.114.785,97	3.545.898,05	0,00	568.887,92
3. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			365.745,23	
4. Desviacións de financiación negativas do exercicio			9.065,63	
5. Desviacións de financiación positivas do exercicio			264.191,40	
II. TOTAL AXUSTES (II 3+4-5)			110.619,40	
RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO (I+II)				679.507,32





Concello de Meaño

REMANENTE DE TESOURERÍA

1(+) FONDOS LÍQUIDOS:	4.553.546,28 €
2 (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO:	283.013,72 €
+ Do presuposto corrente:	129.831,17 €
+ De Presuposto pechado:	143.905,71 €
+ De operacións non presupostarias:	9.276,84 €
3 (-) OBLIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO:	253.052,13 €
+ Do Presuposto corrente:	27.722,51 €
+ De Presupostos pechados:	9.602,08 €
+ De operacións non presupostarias:	215.727,54 €
4 (+) PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN:	0,00 €
- Cobros	0,00 €
+ Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva:	0,00 €
I REMANENTE TESOURERÍA TOTAL (1+2-3+4):	4.583.507,87 €
II SALDOS DE DUBIDOSO COBRO:	145.198,72 €
III EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA:	37.060,65 €
IV REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I-II-III):	4.401.248,50 €
SALDO DE OBRIGAS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO	0,00 €
SALDOS ACREDORES POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS	0,00 €
REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS AXUSTADOS:	4.401.248,50 €

REMANENTE DE CREDITO A 31-12-2020

TOTAL REMANENTE DE CRÉDITO: 2.476.350,73 €

REMANENTE DE CRÉDITO A INCORPORAR: 1.436.953,46 €

FINANCIACIÓN:

Aplicación presupostaria	Importe
46101	5.655,00 €
46102	1.439,10 €
761.00	448.038,13 €
720	31.341,15 €
791	125.364,58 €
87000	788.054,85 €
87001	37.060,65 €
TOTAL	1.436.953,46 €

SUPERAVIT PRESUPOSTARIO/CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO “SUPERAVIT NON FINANCEIRO”: 606.388,89 €

Así mesmo, en cumprimento do establecido no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, a Intervención Xeral deberá elevar ó Pleno “*un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes. O informe emitirase con carácter independente e incorporarse ós previstos nos artigos 168.4, 172.2 e 191.3 do*





Concello de Meaño

texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, as modificacións e a súa liquidación"; polo que se dá conta do resultado do informe correspondente á liquidación do Orzamento municipal 2020, do que resulta:

* Capacidade de financiamento, “superávit non financeiro” = + 606.388,89 €

* “Regra de gasto”, diferenza entre o “Límite da Regra do Gasto” e o “Gasto computable liquidación 2020 (4)-(5)” = - 237.160,00 €

* Cumpre co principio de Sustentabilidade financeira na dobre vertente: Límite de débeda sobre ingresos correntes liquidados no exercicio anterior = 0 % e período medio de pago a provedores.

Todo elo sen prexuízo de que, o Consello de Ministros, na súa reunión do 6 de outubro de 2020, acordou a suspensión das regras fiscais para o exercicio 2020 e 2021 e o Congreso dos deputados, en sesión de data 20 de outubro de 2020, aprecia que se da unha situación de emerxencia que motiva a suspensión das regras fiscais, polo que nesta anualidade estes cumprimentos/incumprimentos son meramente informativos.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía de data 26 de febreiro de 2021 de aprobación da Liquidación do Orzamento Municipal 2020 e do resultado do informe sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e sostibilidade financeira.

7º. DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE INCORPORACIÓN DE REMANENTE DE CRÉDITO 1/2021 E 2/2021. (EXP. 204/2021 E 97/2021).-

O Sr. alcalde-presidente da conta de que, para dar cumprimento ao disposto nas Bases de execución do orzamento dáse conta das Resolucións da Alcaldía 29-01-2021 e 26-02-2021 de aprobación dos expedientes de incorporación de remanente de crédito, aos que se lles dou acceso aos membros da Corporación, e que acadan un importe total de 1.436.953,46 €, dos cales:

- 825.115,50 € serán financiados con cargo ao Remanente líquido de Tesourería obtido da liquidación do Orzamento 2020, aplicación orzamentaria 87000 e 87001.

- 455.132,23 € serán financiados con achegas da Deputación Provincial, aplicación orzamentarias 46101, 46102 e 76100.

- 31.341,15 € serán financiados con achegas da Administración Xeral do Estado, aplicación orzamentaria 720.

- 125.364,58 serán financiados con achegas do Fondo Europeo de desenvolvemento Rexional, aplicación orzamentaria 791.

co seguinte detalle:

INCORPORACIÓN N.º1





Concello de Meaño

PROXECTO	APLICACIÓN PRESUPOST 2021	IMPORTE	461.01 461.02 761.00 DEPUTACIÓN PROVINCIAL	720 ADM. ESTADO	791 FEDER	87000 RTE TESOURERIA	87001 REMANENTE TESOURERÍA AFECTADA
Contratación de desempregados ao abeiro do APROL RURAL	211.16000	2.879,28	0,00	0,00	0,00	193,20	2.686,08
Contratación de desempregados ao abeiro do APROL RURAL	2411.13100	7.616,92	0,00	0,00	0,00	510,15	7.106,77
Contratación de persoal perceptores de RISGA	211.16000	2.759,90	0,00	0,00	0,00	80,04	2.679,86
Contratación de persoal perceptores de RISGA	2411.13100	7.301,08	0,00	0,00	0,00	211,28	7.089,80
Contratación de persoal O TEU PRIMEIRO EMPREGO	211.16000	2.313,99	1.439,10	0,00	0,00	874,89	0,00
Contratación de persoal O TEU PRIMEIRO EMPREGO	2411.13100	7.437,54	4.410,90	0,00	0,00	2.566,48	460,16
Renovación mellora alumeado público exterior IDAE	165.62200	190.655,73	0,00	31.341,15	125.364,58	33.950,00	0,00
Mellora pav. Viais acceso Iglesia Simes	1531.60901/02	86.291,58	86.291,58	0,00	0,00	0,00	0,00
Mellora pavimentación cño Espeñeira	454.61902	20.615,96	0,00	0,00	0,00	3.577,98	17.037,98
Emprendement en femimino	2310.22706	5.655,00	5.655,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ampliación pav. Cño Abuín	454.61900	240.746,95	240.746,95	0,00	0,00	0,00	0,00
Ampliación pav. Cño rural Vilaxuega	454.61901	116.588,70	116.588,70	0,00	0,00	0,00	0,00





Concello de Meaño

Mellora rede abastecement auga Vilaríño	161.60900	5.314,86	0,00	0,00	0,00	5.314,86	0,00
TOTAL		696.177,49	455.132,23	31.341,15	125.364,58	47.278,88	37.060,65

INCORPORACIÓN N.º 2

PROXECTO	APLICACIÓN PRESUPOST 2021	IMPORTE	761.00 DEPUTACIÓN PROVINCIAL	XUNTA GALICIA	87000 RTE TESOURERIA	87001 REMANENTE TESOURERÍA AFECTADA
Fase I apertura urbanización vial Iglesia-Lores	1531.60900	360.000,00	0,00	0,00	360.000,00	0,00
